



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Jato Rodríguez, M^a Victoria
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos Juan
Deaño Deaño, Manuel
González Piñeiro, Luis
Gutiérrez Nieto, Manuel
Muñoz López, Luis
Noia Campos, M^a Camiño
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Cabeza Pereiro, Jaime
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulia
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Fernández Covelo, Emma

ESTUDANTES:

Iglesias Graña, Santiago

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Caballero Rúa, Armando
Gil Villanueva, José María
López Díaz, María
Vidal Rodríguez, Saleta

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 18 de xaneiro de dous mil once, convocada para as 10:45 horas en primeira convocatoria e ás 11:15 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O martes día **18 de xaneiro de 2011**, ás 10:45 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2010.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de D. Jorge Martínez-Vázquez, Catedrático de Economía na Georgia State University (EE.UU.), como Doutor Honoris Causa.
4. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira do curso 2009-10.
5. Aprobación, se procede, dos premios extraordinarios de doutoramento dos cursos 2008-2009 e 2009-2010.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de anos sabáticos para o curso 2011-2012.
7. Aprobación, se procede, de novos títulos de máster universitario a implantar para o ano académico 2011/2012.
8. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do plan de estudos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
9. Aprobación, se procede, dos criterios de cálculo de carga docente de titulacións de Grao para o curso 2011-2012.
10. Aprobación, se procede, do modelo de Convenio de colaboración da Universidade de Vigo para o recoñecemento de créditos ECTS.
11. Aprobación, se procede, das normativas para o ano 2011 das axudas de Extensión Universitaria para as seguintes actividades: Accións participativas e asociacionismo, Actividades extraacadémicas e de difusión cultural, Cursos e Obradoiros.
12. Estimación, se procede, do recurso de alzada do Prof. D. Jorge Juan Gómez Gude, contra o acordo de 22/04/2010 do Consello de Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, relativo ao POD.

13. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da Área de Igualdade a Unidade de Igualdade.
14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade degli Studi di Trieste (Italia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Regional de Blumenau - FURB (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Regional de Blumenau - FURB para o intercambio de estudantes – Convenio de cooperación académica entre as Universidades da Coruña e Vigo para a impartición do programa de doutoramento regulado polo RD 1393/207 “Biotecnoloxía Avanzada”.
15. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:
- Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 estudante.
 - Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante.
 - Comisión de Investigación: 1 estudante.
16. Rogos e preguntas.

O reitor toma a palabra para retirar o punto da orde do día número 8 “*Aprobación, se procede, da proposta de modificación do plan de estudos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos*” a petición da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que se entrega no acto a documentación necesaria para o punto 9 da orde do día, xa que, foi aprobada na sesión da COAP do día de hoxe 18 de xaneiro de 2011.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2010.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Toma a palabra o reitor para informar en primeiro lugar sobre o contido da reunión do Consello Galego de Universidades celebrado o 29 do decembro. Sinala a petición da Universidade de Santiago de Compostela na que solicita unha reformulación da CIUG para dotala de personalidade xurídica propia.

Tamén se trataron cuestións sobre as probas de acceso á universidade. Apuntouse a oportunidade de modificar o calendario de probas de acceso de ensinos secundarios para que poidan celebrarse no mes de xullo. Desde a Consellería puxéronse de manifesto as dificultades que implica unha modificación no calendario tradicional.

Outros puntos foron a aprobación do cambio de denominación dos centros de Fisioterapia, Enxeñeiros de Telecomunicación e Enxeñería Forestal e o anuncio da súa inmediata publicación no DOG, e a aprobación da creación da Escola de Enxeñaría Industrial pola fusión dos dous centros.

Na mesma sesión tratouse a posta en marcha por parte da USC do Máster en Enxeñería Industrial. O reitor da Universidade de Vigo indicou que a solución ao problema ten que acadarse no propio Consello Galego de Universidades, xa que o tema afecta ás tres Universidades Galegas. O reitor da USC pediu un prazo ata vindeira sesión do Consello Galego de Universidades para facer unha proposta de solución.

O reitor tamén informa do contido da reunión do Consejo de Universidades celebrada o pasado 11 de xaneiro en Madrid. A sesión estivo presidida polo Ministro Ángel Gabilondo e nela tivo lugar a firma dun convenio de adhesión á Rede CEI das universidades españolas seleccionadas como Campus de Excelencia Internacional 2010. O reitor destaca que a adhesión da Universidade de Vigo á Rede CEI constitúe unha excelente oportunidade para entrar en contacto con outros campus de excelencia europeos.

O reitor informa que outro dos puntos que ocupou case todo o debate foi o borrador do Estatuto do PDI. O reitor explica que o proceso de negociación de devandito borrador fíxose cos sindicatos e que foi nula a participación que tiveron os reitores na súa elaboración. Sinala que proximamente debateranse as propostas e modificacións no seo da CRUE. Tras o debate está previsto que se elabore un texto que será proposto no Consejo de Universidades coa intención de aprobalo en xuño. Se non se aproba sobre esa data é posible que a súa aprobación quede postergada e non teña lugar nesta lexislatura. O Ministerio de Educación deu un prazo ata o mes de marzo para que os membros da CRUE elaboren devanditas propostas de modificación. A Universidade de Vigo fará as súas correspondentes alegacións. O reitor invita aos membros do Consello de Goberno a facerlle chegar as suxestións e propostas que estimen oportunas.

Respecto ao Estatuto do Estudiante, o reitor informa que dito Estatuto contempla a creación dun Consejo del Estudiante Universitario del Estado, como órgano colexiado de representación estudantil adscrito ao Ministerio de Educación. O Estatuto sinala que nas universidades que non exista Consejo de Estudiantes, como é o caso da Universidade de Vigo, o representante será nomeado polo Consello de Goberno a proposta dos estudantes electos do mesmo.

O reitor sinala que por este motivo no próximo Consello de Goberno incluírase un punto de orde do día onde se procederá ao devandito nomeamento.

Ábrese unha rolda de preguntas.

Cédese a palabra ao Prof. Alejandro Pereira para preguntar sobre o Máster de Enxeñería Industrial proposto pola USC e se se sabe algo sobre a aludida proposta de reforma ou se se tratará dun cambio de denominación. O reitor responde que axiña que reciba información porase en contacto coa Escola de Enxeñería para que a opinión do reitor sexa a opinión da Escola.

Cédese a palabra ao Prof. Enrique Barreiro para preguntar se o sucedido coa aprobación do Máster de Enxeñería Industrial na USC pode repetirse con outros másters como Enxeñería Informática, o reitor contesta que se fará un seguimento de este tema.

Punto 3. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de D. Jorge Martínez-Vázquez, Catedrático de Economía na Georgia State University (EE.UU.), como Doutor Honoris Causa.

Está invitado o Prof. Xosé Carlos Arias, director do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para expoñer aos asistentes que a normativa para a concesión do título de Doutor Honoris Causa dispón que a Universidade poderá conceder o grao de Doutor Honoris Causa ás persoas que destaquen no eido da investigación e da docencia, no cultivo das Artes e das Letras ou naquelas outras actividades con repercusión notoria dende ou punto de vista tecnolóxico e social de Galicia e do mundo en xeral.

A proposta pode ser realizada por un ou varios departamentos e levará o aval dos departamentos do ámbito de coñecemento do que se trate e o informe do centro ou centros correspondentes.

A secretaria xeral expón que na proposta de nomeamento de D. Jorge Martínez-Vázquez como doutor honoris causa, cumpríronse todos os requisitos que esixe a normativa e que todos os membros do Consello de Goberno teñen na documentación o curriculum do candidato, a memoria razoada que fundamenta os méritos do candidato e as adhesións dos departamentos do ámbito xurídico-social e dos centros correspondentes.

A continuación cédese a palabra ao Prof. Xosé Carlos Arias, director do Departamento de Economía Aplicada, para expoñer o curriculum do candidato proposto, e ademais agradece a boa acollida dos centros e departamentos que aceptaron a proposta. Expón que os méritos do candidato e a vinculación coa universidade a través do grupo de investigación de excelencia REDE fan que sexa un candidato axeitado.

Apróbase por unanimidade.

O reitor informa que o acto de investidura, realizarase coincidindo coa celebración da festividade do patrón da Universidade, San Tomé de Aquino, que terá lugar o vindeiro 31 de xaneiro no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Punto 4. Aprobación, se procede, da proposta de premios extraordinarios de fin de carreira do curso 2009-10.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que na Disposición transitoria 4ª dos Estatutos da Universidade de Vigo e o Regulamento de premios extraordinarios establecen que o Consello de Goberno poderá outorgar, a proposta das xuntas de centro, os premios extraordinarios por cada titulación e curso académico.

Apróbase por asentimento a listaxe de premiados que consta no **Anexo I**

Punto 5. Aprobación, se procede, dos premios extraordinarios de doutoramento dos cursos 2008-2009 e 2009-2010.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen expón que o artigo 133 dos Estatutos establecen que o Consello de Goberno, por proposta da Comisión de Estudos de Posgrao, poderá outorgar anualmente premios extraordinarios de doutoramento entre os doutores e doutoras que conseguiron, no curso académico anterior, a máxima cualificación posible.

Apróbase por asentimento o listado de premiados que consta no **Anexo II**.

Punto 6. Aprobación, se procede, da convocatoria de anos sabáticos para o curso 2011-2012.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que expón a proposta de convocatoria de anos sabáticos para o curso 2011/2012. Respecto ás condicións da convocatoria contéplase como novidade a proposta de que se considere o período de xestión desempeñando cargos unipersoais. Sinala que conta co informe favorable da COAP e que, de aprobarse a convocatoria, o prazo remataría o día 28 de febreiro de 2011.

Cédese a palabra ao Prf. Jaime Cabeza para dicir que a normativa sobre concesión de anos sabáticos tería que estar nun regulamento de profesorado, que a convocatoria recolle criterios tan amplos que lle dan á COAP, na súa opinión, excesiva discrecionalidade técnica, o cal podería ocasionar inseguridade xurídica.

O reitor sinala que ten o compromiso de goberno de desenvolver o Regulamento de Profesorado, que a súa elaboración está unida á aprobación do futuro Estatuto do PDI e que non se poden iniciar debates sobre o Regulamento de Profesorado se non está claro o Estatuto do PDI.

Cédese a palabra á Prf^a Camiño Noia quen sinala que na súa opinión é preciso que na normativa se obxetivicen os requisitos para que non se provoquen inxustizas na concesión de anos sabáticos.

Procédese á votación da convocatoria de anos sabáticos.

Votos a favor: 34

Votos en contra: 0

Abstencións: 5

Punto 7. Aprobación, se procede, de novos títulos de máster universitario a implantar para o ano académico 2011/2012.

Toma a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para explicar que a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do Campus de Ourense propón dous novos títulos de máster de 60 créditos ECTS cada un, ao mesmo tempo que solicita a extinción do Máster, xa implantado, en Dirección e Planificación do Turismo de 120 créditos. Este agora se reconvertería en dous mestrados distintos: Máster en Xestión do Turismo e Recreación (propio e de carácter investigador) e Máster en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde (propio e de carácter profesionalizante).

A proposta foi aprobada na Comisión de Estudos de Posgrao.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do plan de estudos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Retirado da orde do día.

Punto 9. Aprobación, se procede, dos criterios de cálculo de carga docente de titulacións de Grao para o curso 2011-2012.

Toma a palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que sinala que o ano pasado aprobouse a normativa de carga docente de titulacións de grao e que nesa normativa foi definido o tamaño medio de grupo e o procedemento que permite outorgar a cada centro un número global de horas de profesorado para distribuír en grupos docentes. Engade que para definir a carga lectiva global do curso 2011/2010 utilizarase o mesmo criterio que o ano pasado de tamaño medio de grupo e que, a efectos de contabilización, os estudantes que non son de primeira matrícula contabilizaranse nun 20%. Que recoñece que este cálculo é continiuista respecto ao establecido no pasado curso académico e que, é da opinión que a implantación dos graos debe levar a outro tipo de cálculo para afrontar o cómputo da docencia: no sistema Bolonia deberían contabilizarse todos os alumnos. Sinala que na vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións están comezando a traballar con outra forma de contabilizar os alumnos repetidores, pero que neste momento case non hai datos históricos relevantes por titulacións e que aínda hai moitas titulacións en que hai materias de grao que se imparten por primeira vez. Como non hai unhas referencias claras, calquera paso parécelle neste momento prematuro.

Continúa informando que hai modificacións respecto ao texto incorporado coa documentación que acompaña á convocatoria, que ditas modificacións aprobáronse na reunión da COAP celebrada antes da actual sesión de Consello de Goberno, que a nova normativa foi distribuída á entrada e que contempla situacións que non están na anterior. A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións procede a dar lectura ás mesmas e, en concreto, resalta que para aquelas titulacións de grao que teñan unha porcentaxe de estudantes que non superen inferior ao 8%, os centros poderán solicitar a contabilización de todos os estudantes a efectos de establecer a carga lectiva global e que a solicitude sexa estudada pola COAP.

Cédese a palabra á Prf^a Edita de Lorenzo para preguntar que sucede con aqueles alumnos que se pasan ao primeiro ano de grao pero que non aparecen na CIUG.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións contéstalle que deben interpretarse que son alumnos que se pasan da titulación LRU ao grao, que se trata de situacións coxunturais ligadas ao momento concreto de implantación de novos títulos e que non deben influír no cálculo. En todo caso, os casos especiais poden corrixirse a posteriori.

Cédese a palabra á Prf^a Margarita Pino Juste para dicir que o ano pasado xa se abstivo neste punto e que lle anuncia o seu voto negativo para a normativa deste ano. Continúa facendo as seguintes alegacións: que os criterios da docencia en grao deben repercutir no posgrao; que a desgravación debe ser por alumno, non por tamaño medio de grupo; que non é o mesmo a carga docente de quen ten 100 alumnos que a de quen ten 20 alumnos e que no POD debe computarse todo o labor docente e outras actividades como a de coordinador de mestrados. Os criterios de desgravacións deben ser precisos e iguais para todas as titulacións e para todas as facultades.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións respóndelle que está de acordo con todo o que di pero que o punto da orde do día redúcese a establecer o criterio de cálculo da carga docente para as novas titulacións de grao, que non se está falando de criterios de cómputo de desgravacións en POD, que esa discusión queda para outro debate e outra sesión de Consello de Goberno.

Intervén o Prf. Jaime Cabeza para cualificar de continuista a política de profesorado, que o cómputo da docencia debe ser o alumno e non o tamaño medio de grupo e que todos os profesores deben ter iguais dereitos. Anuncia o seu voto negativo porque o modelo proposto non lle gusta, que é o mesmo que o do ano pasado, pero que conste que ten vontade de negociar este tema e de pensar nunha nova métrica.

Cédese a palabra ao Prof. Luís Muñoz que sinala que na súa opinión a carga docente non é individual, senón en grupos, sinala que ao seu xuízo non se pode perder a perspectiva de que o concepto de tamaño medio de grupo é o criterio que se utiliza noutras universidades, é un indicador dirixido aos centros para computar a carga total de docencia, de non ser así todos os centros pasarían a ter a mesma carga docente.

Cédese a palabra ao Prof. Jaime Cabeza para solicitar que se publique o tamaño medio de grupo por titulacións.

Procédese á votación da normativa:

Votos a favor: 32

Votos en contra: 5

Abstencións: 2

Punto 10. Aprobación, se procede, do modelo de Convenio de colaboración da Universidade de Vigo para o recoñecemento de créditos ECTS.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria que pasa a expoñer o modelo que debe ser utilizado para subscribir convenios de colaboración entre a Universidade de Vigo e outras entidades para o recoñecemento de créditos ECTS, e que segundo á normativa de convenios da Universidade de Vigo debe ser aprobado polo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, das normativas para o ano 2011 das axudas de Extensión Universitaria para as seguintes actividades: Accións participativas e asociacionismo, Actividades extraacadémicas e de difusión cultural, Cursos e Obradoiros.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria quen pasa a expoñer as normativas para o ano 2011 das Axudas de Extensión Universitaria, nas que se inclúen as axudas para cursos, obradoiros e outras actividades extraacadémicas de difusión cultural. O vicerreitor subliñou que a penas experimentaron cambios a excepción dos derivados dos recortes que sufriron os orzamentos de 2011.

Apróbase por asentimento.

Punto 12. Estimación, se procede, do recurso de alzada do Prof. D. Jorge Juan Gómez Gude, contra o acordo de 22/04/2010 do Consello de Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, relativo ao POD.

Foi invitado como interesado o Prf. D Jorge Juan Gómez Gude que non comparece.

Cédese a palabra á secretaria xeral que sinala que se trata dun recurso de alzada presentado polo Prof. Prof. D. Jorge Juan Gómez Gude contra o acordo tomado no punto 4^a da orde do día do Consello de Departamento de Psicoloxía Evolutiva e Comunicación de data 22 de abril de 2010 relativo á aprobación do POD do curso académico 2010/2011.

Alega o recorrente que o resultado da aprobación non é de acordo a dereito, xa que se lle asigna a docencia por votación a un profesor Titular de Escola reclamada por un Catedrático de escola universitaria e solicita que lle sexa asignada por aplicación dos criterios de distribución docente recollidos no art. 31 do Regulamento de réxime interno do departamento.

O recorrente suplica a estimación do recurso, a anulación do acordo impugnado e ademais solicita que se lle asigne a docencia reclamada e en concreto as seguintes materias da área de Psicoloxía evolutiva:

- Practicum de educación infantil (2,66 créditos) que é a que consta en acta como motivo desacordo.
- Practicum de Primaria (2,28 créditos.).
- Practicum de Educación Física (2,28 créditos).
- Practicum de Educación Musical (2, 66 créditos).

Ademais das materias de Psicoloxía do Desenvolvemento que se lle asignaron no citado Consello de Departamento.

Aos efectos de que o Consello de Goberno resolva o recurso solicítase, a través da Secretaría Xeral, todos os antecedentes do asunto: actas e informe do Director.

No punto 4 da orde do día da Acta de Consello de Departamento de 22 de abril de 2010, consta que “a repartición de carga docente procedeu a votar a man alzada no Campus de Pontevedra, anexo a esta acta, co seguinte resultado: votos a favor da aprobación 13; Votos en contra 1 e abstencións 1”.

No informe do Director do Departamento de data 1 de decembro de 2010 a previsión da carga docente e a súa repartición en curso séguense para a asignación de docencia os seguintes:

a) Categoría,

b) Antigüidade

c) e aos máis antigos e demais idade se o desexan asignáse-lles os practicum nas titulacións como xeito de facilitar o seu labor docente.

Sinala que estes criterios que se aplicaron sendo director o profesor recorrente e séguense aplicando no momento actual.

Seguidamente, a secretaria xeral dá conta do informe da Asesoría Xurídica.

O informe da Asesoría Xurídica cuestiona a xuridicidade do procedemento seguido polo Departamento. O informe da Asesoría Xurídica trae a colación unha sentenza do TSXG de 30 de xuño de 2010 recaída nun procedemento no que foi parte a Universidade de Vigo e que do seu fundamento xurídico 2º despréndese que é preciso utilizar uns criterios para a asignación de docencia en POD. Segundo o informe da Asesoría Xurídica a sentenza parte da base que non deben conculcarse os principios de xerarquía do corpo docente e antigüidade, aínda que non deben ser os únicos que deben ser tidos en conta. No caso que nos ocupa das actas entregadas, non resulta acreditado que por parte do Consello de Departamento tómasse o acordo de aprobación sobre os tres criterios aos que alude o informe do señor Director de Departamento polo que será preciso aterse ao disposto no art. 31 do Regulamento de réxime interno que acolle os criterios establecidos pola xurisprudencia coa seguinte literalidade.

A repartición de carga docente, respectando os principios de prelación de corpo e antigüidade tendo en conta o disposto no art. 136-2 dos Estatutos e o art. 36-3 letra b do Regulamento de Profesorado, farase de xeito equitativo entre todos os profesores, e terá en conta a súa cualificación coas necesidades docentes dos centros.

Por todo o exposto, o informe da Asesoría Xurídica aconsella que se estime o recurso, retrotraendo o procedemento para que por parte do Consello de Departamento se exerzan as competencias de asignación da docencia neste suposto respectando os criterios establecidos no art. 31 do Regulamento de réxime interno.

Por todo o anterior, a proposta que se fai ao Consello de Goberno é a estimación do recurso.

Toma a palabra o Prof. Manuel Deaño quen expón que a solución adoptada no Consello de Departamento non se vulnerou ningún criterio de distribución de repartición e que, ademais dos criterios expostos, tamén fai referencia a que se repartira de forma equitativa entre todos os profesores e se terá en conta a súa cualificación en relación ás necesidades docentes dos centros para que non supoña un prexuízo dos alumnos. Que o Consello de Departamento votou o criterio de repartición e mantivo a solución impugnada para facer fronte á xubilación dun profesor, que se está falando da repartición de 2,66 créditos, que no escrito do recurso pídesse docencia que xa ten e solicita outra distribución de docencia e que, en consecuencia, o escrito do recorrente poden consignar a un erro á Asesoría Xurídica pois non se axusta á verdade dos feitos. Solicita ao reitor a retirada do recurso.

O reitor solicita do Consello de Goberno a retirada deste punto para solicitar máis información e aclarar todos os aspectos sinalados.

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da Área de Igualdade a Unidade de Igualdade.

O reitor toma a palabra para solicitar a aprobación do cambio de nome da Área de Igualdade para pasar a denominarse Unidade de Igualdade, o cambio xustificado por coherencia ca profesionalización da área e para axustarse á Lei de Igualdade.

Apróbase por asentimento o cambio de denominación.

Punto 14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade degli Studi di Trieste (Italia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Regional de Blumenau - FURB (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Regional de Blumenau - FURB para o intercambio de estudantes – Convenio de cooperación académica entre as Universidades da Coruña e Vigo para a impartición do programa de doutoramento regulado polo RD 1393/207 “Biotecnoloxía Avanzada”.

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Comisión de Organización Académica e Profesorado: 1 estudante.
- Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 estudante.
- Comisión de Investigación: 1 estudante.

Non se presentaron candidaturas polo que non procede realizar votacións.

Punto 16. Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para interesarse polo estado da planificación nos graos correspondentes á futura Escola de Enxeñería Industrial e para agradecer ao Director da Escola os seus esforzos.

Intervén o Prof Bienvenido Diez para facer unha valoración positiva sobre a representación sindical na última sesión da Comisión de Investigación e para negociar a presenza sindical nas comisións delegadas de Consello de Goberno.

Intervén o Sr. Xan Cebro para expresar a súa preocupación pola xestión dos posgraos.

Tamén pide que conste na acta que é partidario de que cando se exerce o dereito de folga se exerza con todas as súas consecuencias, isto é, que se desconte a parte do salario correspondente pero que o desconto salarial debe realizarse nun prazo de tempo axustado.

Intervén o Sr. Carlos Mollinedo para pedir que se comunique aos decanos que habiliten fóra dos centros espazos reservados a papeleiras e cinceiros para os fumadores.

Intervén o Prof. Luís González Piñeiro para facer observacións sobre o tamaño medio de grupo e o seu impacto na planificación dos graos na Escola de Enxeñería.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:00 horas do día 18 de xaneiro de 2011 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral

M^a. Inmaculada Valeije Álvarez



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Jato Rodríguez, M^a Victoria
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos Juan
Deaño Deaño, Manuel
González Piñeiro, Luis
Gutiérrez Nieto, Manuel
Muñoz López, Luís
Noia Campos, M^a Camiño
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Cabeza Pereiro, Jaime
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulía
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Fernández Covelo, Emma

ESTUDANTES:

Iglesias Graña, Santiago

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Caballero Rúa, Armando
Gil Villanueva, José María
López Díaz, María
Vidal Rodríguez, Saleta

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 18 de xaneiro de dous mil once, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O martes día **18 de xaneiro de 2011**, ás 10:30 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

1. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.

A secretaria xeral informa que o procedemento de reforma se atopa recollido no capítulo VI do Regulamento. Expón que na sesión do Consello de Goberno de 22 de novembro de 2010 se aprobou a conveniencia de proceder á reforma do Regulamento de réxime interno e a apertura dun prazo de presentación de emendas e suxestións ao texto presentado.

A secretaria xeral sinala que o prazo para a presentación das propostas rematou o día 17 de decembro de 2010 e que soamente se presentou unha proposta dun membro do Consello de Goberno, nela proponse unha revisión da linguaxe e varias modificacións relativas á presenza equilibrada de mulleres e homes.

A continuación toma a palabra a Prf^a. Ana Graña para expoñer as modificacións propostas, que son as que figuran no **Anexo I** deste acta.

Seguidamente, a secretaria xeral sinala que a aprobación da reforma do Regulamento requirirá, en primeira votación, a maioría absoluta do Consello de Goberno, e polos 3/5 dos presentes en segunda.

Apróbase por unanimidade a reforma do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.

Finalmente acórdase aprobar a acta da sesión extraordinaria na mesma sesión. A secretaria xeral fai a lectura da devandita acta.

Apróbase por asentimento a acta da sesión extraordinaria do 18 de xaneiro de 2011.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:40 horas do día 18 de xaneiro de 2011 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.



Oreitor

Salustiano Mato de la Iglesia



A secretaria xeral

M^{te} Inmaculada Valeije Álvarez